

INFORMACIÓN DO PROCESO DE ADMISIÓN PARA O CURSO 2024/25

NORMATIVA REGULADORA

Decreto 13/2022 (DOG 11 de febreiro de 2022)

Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG 8 novembro de 2022)

PRAZOS

➤ **Reserva de praza no IES de Soutomaior:** Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro

As familias do alumnado de 6º que desexe cursar a ESO no instituto adscrito (IES de Soutomaior) deben cubrir en papel ou na aplicación informática “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) o formulario de reserva de praza (ED550A) para presentalo no CEIP de Ponte Sampaio ou na sede electrónica da Xunta (<https://sede.xunta.gal>).

➤ **Presentación da solicitude de admisión:** Do 1 ao 20 de marzo.

O impreso de solicitude de admisión (ED550B) pode cubrirse en papel ou na aplicación “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).

Entregárase persoalmente no centro ou a través da sede electrónica da Xunta (<https://sede.xunta.gal>), xunto cunha fotocopia do DNI do neno/a ou do libro de familia, convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio (de ser o caso) e certificado de matrícula do centro de orixe (de ser o caso).

En caso de separación ou divorcio coa patria potestade compartida, a solicitude deberá ser asinada polos dous proxenitores.

Pódense facer constar ata 6 centros por orde de preferencia, entregando unha única solicitude no centro pedido en primeiro lugar. Presentar varias solicitudes de admisión en centros distintos suporá a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponder, a non ser que se renuncie expresamente ás solicitudes anteriores cando se presenta a nova.

No caso de que a solicitude estivese correctamente cumprimentada e o número de solicitudes presentadas fose inferior ao número de prazas ofertadas polo centro, o/a alumno/a aparecerá na listaxe provisional de admitidos que será publicada antes do 25 de abril.

➤ **Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo:**

No caso de que o número de solicitudes de admisión superase ao de prazas ofertadas, as prazas serán asignadas mediante un proceso de baremación.

O prazo para entregar a documentación que acredite os criterios alegados por cada solicitante será do 21 de marzo ao 11 de abril.

➤ **Publicación das listaxes provisionais de admitidos:** 25 de abril.

Poderanse consultar presencialmente no taboleiro de anuncios do interior do centro ou na aplicación “admisionalumnado” coa a chave 365 ou certificado dixital.

➤ **Reclamacións:** 5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación.

➤ **Publicación das listaxes definitivas de admitidos: 15 de maio.**

Poderanse consultar presencialmente no taboleiro de anuncios do interior do centro ou na aplicación “admisionalumnado” coa a chave 365 ou certificado dixital.

➤ **Formalización da matrícula: do 20 ao 30 de xuño.**

Documentación para formalizar a matrícula:

- Impreso de formalización.
- Ficha de secretaría.
- Formulario de autorización do uso da imaxe.
- Cuestionario de lingua materna (*só o novo alumnado de 3 anos*).
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do alumno/a.
- 2 fotografías tamaño carné.
- Formulario: Autorización de recollida do alumnado.

➤ **Formalización da matrícula en ESO: do 23 de xuño ao 7 de xullo.**

OFERTA DE PRAZAS

Educación Infantil			Educación Primaria					
4º EI	5º EI	6º EI	1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP
20	9	11	11	7	8	3	2	3

ZONA DE INFLUENCIA DO CENTRO

➤ **2. ÁREA DE INFLUENCIA**

- O ámbito de influencia abarca a totalidade da parroquia de Ponte Sampaio.
 - Lugares de: Acevedo, A Ponte, O Rañadoiro e O Vilar.
- O ámbito de influencia abarca a totalidade da parroquia de A Canicouva.
 - Lugares de: Cacheiro e A Canicouva.

➤ **3. ÁREAS LÍMITROFES**

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia do CEIP de Marcón.

Considérase zona limítrofe o Concello de Soutomaior.

IES AO QUE ESTÁ ADSCRITO O CENTRO

IES de Soutomaior

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- **Transporte escolar**
 - Ruta 1: Acevedo- Catafix- Cobo- Canicouva- Cacheiro.
 - Ruta 2: Rañadoiro- Vilar.
- **Plan Madruga e Comedor Escolar xestionados pola FANPA**

A Dirección